

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 30 DE XANEIRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Proxecto de Lei de arquivos e documentos de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VICEPRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea a Comisión Paritaria de Formación Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Puzo do Lago.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

ACORDOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regulan as inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o Comité Fitosanitario Galego, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE VICEPRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas 1465/2013 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Marín, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Isabel Pérez Fraga.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas 936/2013 do Xulgado de Instrución número 1 de Verín, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Fátima Machado.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre o proceso de desenvolvemento tecnolóxico dos servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a situación do sector naval.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as actividades do Centro de Transfusión de Galicia no ano 2013.
- Informe sobre a participación de Galicia no proxecto europeo Chrodís (Chronic Diseases and Promoting Healthy Ageing across the life cycle).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe relativo ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) no ano 2014.



A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI DE ARQUIVOS E DOCUMENTOS DE GALICIA, A PRIMEIRA NORMATIVA ESPECÍFICA ADAPTADA AO SÉCULO XXI

- ***A nova norma impulsada pola Consellería de Cultura e Educación ten como obxectivos a regulación da protección, conservación e difusión do patrimonio documental de Galicia, así como a organización e acceso aos arquivos de interese xeral***
- ***O texto é pioneiro no desenvolvemento da administración electrónica e na dixitalización de documentos***
- ***Regularase dun xeito integral o Sistema de Arquivos de Galicia, organizando e coordinando de xeito máis eficiente o conxunto de centros documentais***
- ***Establécese que o Consello de Avaliación Documental de Galicia sexa o encargado de ditaminar sobre a obriga de conservar os documentos que teñan valor histórico e informativo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de arquivos e documentos de Galicia, co cal a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten como obxectivo organizar e impulsar o sistema arquivístico galego, adaptándoo á nova realidade e aos cambios que se están producindo no ámbito dos documentos e arquivos públicos. A futura Lei de Arquivos, que será a primeira normativa específica que regulará esta materia na nosa Comunidade, será pioneira na xestión integral dos documentos electrónicos.

A norma establece unha nova regulación dos documentos, xa sexan estes de titularidade pública ou privada, incluíndo procedementos de avaliación e selección, entre outros. Regulará dun xeito integral o Sistema de Arquivos de Galicia, organizando e coordinando o conxunto de centros documentais, e terá como finalidade servir á xestión administrativa, garantir o dereito dos cidadáns a acceder aos arquivos e protexer, conservar e difundir o patrimonio documental de Galicia. Deste xeito, acadarase unha xestión documental e arquivística máis transparente, accesible, eficiente e útil para o conxunto da cidadanía galega.

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, foi a primeira norma legal que dedicou unha atención singular aos arquivos e ao patrimonio documental. Agora, este anteproxecto nace coa necesidade de proporcionarlle a Galicia un marco normativo adecuado para que a Comunidade Autónoma desenvolva as competencias asumidas en materia de arquivos. A nova norma, promovida pola Consellería de Cultura e Educación, legislará por vez primeira o papel dos arquivos no medio electrónico, para o



que abordará os novos retos derivados do desenvolvemento da Administración electrónica e da dixitalización de documentos.

Sistema de arquivos de Galicia

O anteproxecto de lei delimita o que se considera documento público no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia e nel inclúense todas as administracións e institucións públicas con participación pública de interese para a Comunidade Galega. O texto regula a organización, o funcionamento e a finalidade dos arquivos, e define os dereitos e obrigas relativos aos arquivos públicos que deben contar con persoal e os recursos materiais necesarios para garantir o servizo aos usuarios, así como integrarse tamén no Sistema de arquivos de Galicia.

O Sistema de arquivos de Galicia é a estrutura legal e administrativa que agrupa os arquivos públicos da Comunidade Autónoma e os privados que así o soliciten. Esta forma de organización é totalmente respectuosa coa independencia e capacidade de autorganización das administracións públicas que deberán seguir a norma no relativo á súa consideración de documentos e arquivos públicos. Deste xeito, no Sistema de arquivos de Galicia propónse a integración dos arquivos das administracións públicas, entre elas a Xunta, os concellos, o Parlamento, universidades públicas, Tribunal de Xustiza e centros dependentes, así como os das notarías e rexistros públicos radicados en Galicia. Este sistema conseguirá garantir o contexto dos documentos, a súa autenticidade, a súa conservación e o dereito de acceso a eles.

O anteproxecto regula en detalle como debe estruturarse o Sistema de arquivos da Xunta de Galicia, establecendo as funcións dos arquivos no seu labor de condutores dos expedientes que tramita a Administración autonómica no seu ciclo de vida, desde que se crean ata que conclúe a súa vixencia administrativa. Pola súa banda, ao Arquivo de Galicia, situado na Cidade da Cultura e que é a cabeceira deste sistema, correspóndelle ditar as directrices técnicas e a coordinación do resto dos arquivos territoriais e de transferencia estatal.

Novos órganos

Especial relevancia ten neste anteproxecto de lei a función dos arquivos dentro da xestión documental como parte da xestión administrativa. Estes labores supoñen a realización de tarefas propiamente arquivísticas, como a identificación documental, a valoración, a organización, a conservación e o servizo. Pero tamén supón unha participación activa no deseño dos documentos, de forma que se garante a autenticidade, integridade, fiabilidade, dispoñibilidade e interoperabilidade, especialmente importantes no ámbito de xestión dixital.

Para cumprir estes obxectivos crearanse dous novos entes, o Consello de Arquivos de Galicia, un órgano colexiado consultivo de asesoramento, cooperación e participación en



materia de arquivos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia; e o Consello de Avaliación Documental de Galicia, un órgano colexiado consultivo e de asesoramento para o estudo e ditame sobre as cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos, recibidos ou acumulados no exercicio das súas funcións polas institucións, administracións e organismos públicos e polas empresas e entidades delas dependentes. Asemade, este segundo órgano avaliará a integración dos arquivos e o réxime de acceso, entre outros aspectos.

Acceso á documentación

No que atinxe ao dereito de acceso aos documentos e á información administrativa, o texto establece os principios que deben rexer este dereito no sentido de facilitarles ás institucións e ás persoas cantos datos necesiten e acceder ao seu soporte documental. O acceso é totalmente escrupuloso para os documentos que conteñan datos persoais co deber de salvagardar outros dereitos como a seguridade, a honra, a saúde, a intimidade ou a imaxe das persoas.

Memoria histórica da sociedade

Os arquivos fórmanse no proceso natural de desenvolvemento das actividades das entidades e persoas, e os documentos que xeran son o testemuño e garantía dos actos administrativos e xurídicos, constituíndo a memoria visible dos seus produtores, susceptible de transformarse co tempo na memoria histórica da sociedade.

Neste sentido, a Xunta de Galicia considera que a xestión documental e dos arquivos é unha parte esencial da tarefa administrativa e entende a custodia e xestión dos arquivos como algo máis que o seu carácter histórico, posto que forman parte do patrimonio cultural.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL PUZO DO LAGO, NO CONCELLO DE MASIDE, QUE SE CONVERTE NO TERCEIRO DE GALICIA

- *O interese natural do ENIL Puzo do Lago radica na súa diversidade vexetal, con especies autóctonas que, xunto co resto da fauna, flora e patrimonio arqueolóxico, configuran un conxunto paisaxístico e o fan merecedor dunha protección especial*
- *A finalidade básica do Plan de conservación dun ENIL é garantir a conservación dos valores naturais, culturais, estéticos e científicos a través dun modelo de xestión que faga compatibles os usos tradicionais e públicos*
- *Ata hoxe xa foron declarados de xeito provisional na nosa comunidade autónoma catro ENIL: Illas de San Pedro, Boutureira, o Río Gafos e o Complexo Duna-Areal do Vao-Baluarte; e de xeito definitivo Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira e o Puzo do Lago*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan de conservación do espazo natural de interese local (ENIL) Puzo do Lago, situado no Concello ourensán de Maside, que se converte no primeiro declarado definitivamente na provincia de Ourense e no terceiro en Galicia tras o ENIL de Xunqueira de Alba (Pontevedra) e Loio-Ruxidoira, no Concello de Paradela (Lugo).

O interese natural do ENIL Puzo do Lago radica na súa diversidade vexetal, con especies autóctonas que, xunto co resto de fauna, flora e patrimonio arqueolóxico, entre outros aspectos, configuran un conxunto paisaxístico de 30,60 hectáreas merecedor dunha protección especial que o ampare e o conserve, ademais de rexenerar os valores degradados pola actividade humana.

Entre os valores naturais deste espazo destacan unha lagoa artificial que representa un importante ecosistema de humidal conservador; a presenza da vexetación máis característica de Galicia, a carballeira atlántica; é unha área que presenta un alto valor arqueolóxico, ao albergar un exemplo de explotación mineira da época romana.

Tendo en conta todos os valores naturais, culturais, estéticos e científicos do lugar, o Goberno autonómico aproba este documento co fin de establecer un modelo de xestión que alcance os obxectivos de conservación e faga compatibles os usos tradicionais e públicos. Deste xeito, a través de directrices axeitadas, regularanse e harmonizaranse as competencias que realice a Administración, o uso privado, así como as distintas actividades que se desenvolvan dentro deste espazo natural.

As determinacións do presente Plan de conservación entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG e continuarán en vigor ata que non se revise o Plan polo cambio significativo e suficiente das circunstancias ou criterios que determinaron a súa

aprobación. En calquera caso, na falta de modificacións excepcionais, deberá revisarse pasados 5 anos.

A figura do ENIL

A Lei de conservación da natureza (Lei 9/2001, o 21 de agosto) define os espazos naturais protexidos como aqueles que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debido á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales.

O espazo natural de interese local (ENIL) é unha das categorías en que se clasifican estes espazos naturais protexidos. A súa declaración é competencia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mentres que a xestión é responsabilidade municipal.

Baixo estas premisas, ata de hoxe xa foron declarados de xeito provisional na nosa comunidade autónoma catro ENIL: Illas de San Pedro no Concello da Coruña (A Coruña); Boutureira, en San Cibrao das Viñas (Ourense); o Río Gafos, en Pontevedra, e o Complexo Duna-Areal do Vao-Baluarte, no Concello de Vigo; e de xeito definitivo dous: Xunqueira de Alba e Loio-Ruxidoira, ao que se suma o ENIL de Puzo do Lago.



A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á COMISIÓN PARITARIA QUE SE ENCARGARÁ DE APROBAR E CONTROLAR A FORMACIÓN LOCAL DE GALICIA

- ***A Comisión estará composta por seis membros da Administración -tres da Xunta e tres da Fegamp- e outros tantos representantes das organización sindicais***

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á creación da Comisión Paritaria de Formación Local de Galicia, que é o órgano colexiado encargado da aprobación, seguimento e control dos plan de formación continua promovidos polas entidades locais.

A Comisión estará composta por seis membros da Administración -tres da Xunta e tres da Fegamp- e outros tantos representantes das organización sindicais presentes na Comisión Xeral de Formación para o Emprego das Administración Públicas que contén con presenza nas entidades locais galegas.

Os membros do Goberno autonómico serán a directora da Escola Galega de Administración Pública -que exercerá a presidencia-, o director xeral de Función Pública e o de Administración Local. O secretario xeral da EGAP exercerá como secretario da Comisión, con voz pero sen voto.

O decreto aprobado esta mañá establece que a sede da Comisión estará na Escola Galega de Administración Pública en Santiago e, ao mesmo tempo, sinala as funcións do presidente, do secretario e da propia Comisión Paritaria, que fundamentalmente estarán vinculadas á aprobación dos plans de formación promovidos polas entidades locais e polas federacións ou asociacións de entidades locais galegas, á convocatoria e á proposta de resolución das axudas para o desenvolvemento destes plans.

A creación da Comisión é consecuencia da defensa do autogoberno e das competencias que entende como propias a Xunta de Galicia, e que motivou, no seu día, a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional. Este tribunal, mediante a Sentenza 225/2012, do 29 de novembro de 2012, resolveu o conflito dando a razón ao Goberno desta comunidade autónoma fronte ao Estado, ao entender que o exercicio da competencia sobre a formación dos empregados dos entes locais de Galicia debe ser desenvolvido polo seu órgano de goberno.

No recurso argumentábase que, sen prexuízo do aspecto xurídico, socialmente se lle prestará un mellor servizo ás entidades locais de Galicia se a coordinación, a aprobación e o apoio financeiro á formación dos seus empregados se instrumenta desde a perspectiva da Comunidade. Isto permitirá ter unha visión máis axeitada do funcionamento da Administración local galega e, polo tanto, a posta en común de solucións ou temáticas que axuden na formación de quen ten que asesorar ou executar as mellores solucións posibles.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS NOVOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ***Deuse o visto e praxe ao decreto polo que a USC reforma as súas normas, adaptándoas a Lei orgánica de universidades***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, de acordo co establecido no artigo 6 na Lei orgánica de universidades, o proxecto de decreto polo que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) reforma os seus estatutos, tras seren remitidos pola Universidade á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e pasaren o control de legalidade da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. Desta forma cúmprese co trámite necesario para a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do novo articulado, que foi aprobado en sesión extraordinaria polo Claustro Universitario reunido o 22 de outubro de 2013.

Os novos estatutos da universidade compostelá substitúen os vixentes ata o momento, do ano 2004. Así mesmo, e ademais de incorporar modificacións de réxime de funcionamento interno e froito da propia autonomía universitaria, o texto aprobado hoxe adapta a normativa da USC á Lei orgánica de universidades, modificada por última vez no ano 2007.

Cómpre lembrar que a nova Lei do Sistema Universitario de Galicia, de xuño de 2013, establece a necesidade de que as tres universidades galegas adapten os seus estatutos a ela nun prazo máximo de 3 anos.



GALICIA CONTARÁ CUNHA REGULACIÓN ESPECÍFICA PARA AS INSPECCIÓN PERIÓDICAS DOS EQUIPAMENTOS DE APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS

- ***O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto de decreto que regulará esta materia, antes do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo***
- ***A norma parte de que unha correcta aplicación de produtos fitosanitarios require unha distribución homoxénea do produto e que estea de acordo coas doses autorizadas e recomendadas, co obxecto de evitar efectos nocivos ou prexudiciais na saúde humana e no ambiente***
- ***Créase un censo de equipamentos de aplicación e establécense os requisitos mínimos das estacións de inspección técnica destes equipamentos***

Galicia vai contar cunha regulación específica das inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación dos produtos fitosanitarios (ou praguicidas). O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto de decreto que regulará esta materia, antes do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

A norma analizada hoxe polo Goberno galego parte da base de que unha correcta aplicación de produtos fitosanitarios require unha distribución homoxénea do produto e que estea de acordo coas doses autorizadas e recomendadas, co obxecto de evitar efectos nocivos ou prexudiciais na saúde humana e no ambiente. Unha deficiente regulación dos equipamentos ou máquinas de aplicación pode dar lugar a distribucións anómalas e á presenza de deterioracións, avarías ou desaxustes e pode orixinar fugas ou verteduras de produto en lugares inadecuados.

Por iso, a Xunta elaborou este proxecto de decreto que regula as inspeccións periódicas dos equipamentos con que se aplican os fitosanitarios. Ademais, a futura norma elabora o censo de equipos de aplicación e establece os requisitos mínimos que deben cumprir as estacións de inspección técnica destes equipamentos, os seus titulares e o persoal técnico encargado das inspeccións.

A Consellería do Medio Rural e do Mar é responsable da elaboración e xestión dun censo no cal se inscribirán os equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios que se deberán inspeccionar sempre que vaian ser empregados na actividade agraria (agrícola, gandeira ou forestal) ou en ámbitos profesionais distintos da actividade agraria.

O censo elabórase cos datos dos equipamentos inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) e os declarados polos propietarios que non teñan a obriga de estar inscritos no dito rexistro. Este censo estará composto polos equipamentos móbiles de aplicación de produtos fitosanitarios inscritos no ROMA, os montados a bordo de aeronaves e os instalados no interior de invernadoiros ou outros locais



pechados. Todos os equipamentos regulados por este decreto deberán ter sido inspeccionados, polo menos unha vez, con anterioridade ao 26 de novembro de 2016.

O proxecto de decreto fixa ademais a metodoloxía que se deberá aplicar para a realización das inspeccións, os criterios básicos dos programas de formación do persoal e crea como órgano consultivo o Comité Fitosanitario Galego.

Este comité será o órgano consultivo para asesorar, entre outras materias, sobre os plans anuais de prospección de organismos nocivos dos vexetais presentes na Comunidade Autónoma, a tecnoloxía e uso dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios, o rexistro de establecementos e servizos destes produtos, os programas de control de residuos de produtos fitosanitarios en orixe ou a investigación e experimentación das pragas e dos produtos fitosanitarios.



BENESTAR PORÁ EN MARCHA O CONSELLO ASESOR E CONSULTIVO DA XUVENTUDE DE GALICIA NO SEGUNDO SEMESTRE DESTE ANO

- *Será un órgano colexiado, independente e aberto a todas as asociacións xuvenís de carácter autonómico*
- *A súa constitución está regulamentada na Lei de Xuventude de Galicia, que xa foi aprobada no Parlamento galego*
- *Promoverá, ademais, a creación dos consellos locais de xuventude co obxectivo de achegar o novo modelo de participación e dar máis protagonismo aos concellos e ás propias asociacións xuvenís de carácter local*
- *O Consello da Xunta emitiu hoxe un informe favorable sobre o texto do proxecto de decreto que se someterá agora ao ditame do Consello Consultivo de Galicia*

O Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia porase en marcha para a súa constitución no segundo semestre deste ano, data a partir da cal calquera asociación xuvenil con carácter autonómico poderá incorporarse a este órgano. A posta en marcha deste órgano colexiado está regulamentada na Lei de xuventude de Galicia, que xa foi aprobada no Parlamento galego, unha normativa que está a reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas destinadas á mocidade galega.

O Consello da Xunta emitiu hoxe un informe a favor do texto do proxecto de decreto polo que se aproba o seu regulamento, que se someterá agora ao ditame do Consello Consultivo de Galicia. Para a elaboración desta norma contouse coa participación das principais entidades xuvenís da Comunidade autónoma.

Coa posta en marcha desta iniciativa, cámbiase o actual modelo de participación xuvenil cara a "un verdadeiro" sistema de representación da mocidade. O Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia será un órgano colexiado, independente e aberto a todas as asociacións xuvenís, que reforza e impulsa a participación da mocidade e da sociedade civil nos temas de interese para a mocidade. Polo tanto, será un órgano de participación, representación e consulta das políticas da Xunta en materia de xuventude.

Precisamente, ademais de facilitar a incorporación de todas as asociacións xuvenís ao Consello, promove a creación dos consellos locais de xuventude, co obxectivo de achegar o novo modelo de participación e dar máis protagonismo aos concellos e ás propias entidades de carácter local. Desta forma, as asociacións xuvenís de carácter autonómico e os consellos locais de xuventude posuirán a maioría da representación do voto no Consello. Os representantes das entidades no Consello deberán ser nomeados atendendo ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

O Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia contará cunha asemblea xeral, que se reunirá ordinariamente unha vez cada semestre; o Observatorio Galego de



Xuventude como comisión permanente; unha presidencia, que será elixida pola asemblea xeral, e unha vicepresidencia. Ademais, posibilitarase a creación de grupos de traballo. Os representantes deberán contar entre 14 e 30 anos, ambos inclusive.

Observatorio Galego de Xuventude

Polo tanto, o Consello asumirá, entre outras actuacións, as funcións do Observatorio Galego de Xuventude, que na actualidade depende directamente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Entre as funcións do observatorio destaca a presentación, con carácter anual, de informes sobre a conxuntura xuvenil nos cales se reflictan as principais variables sociais e se formulen propostas e recomendacións tendentes a promover o desenvolvemento das políticas xuvenís de Galicia, especialmente en materia de vivenda e emprego. O observatorio reunirase ordinariamente cada dous meses.



A XUNTA EXERCE POR PRIMEIRA VEZ A ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE DE TRES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***A Asesoría Xurídica compareceu nas dilixencias previas abertas nos xulgados de Verín e Marín polos falecementos de Fátima Machado e Isabel Pérez, respectivamente***
- ***O Goberno galego tamén iniciou os trámites para exercer a acción popular no caso de María José Suárez, morta en Cervo hai unhas semanas***
- ***O pasado mes de xullo o Consello da Xunta acordou comparecer en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero***

A Asesoría Xurídica da Xunta exerceu, por instancia da Secretaría Xeral de Igualdade, a acción popular por primeira vez no caso da morte de tres mulleres por violencia de xénero en Galicia. En concreto, compareceu nas dilixencias previas abertas no xulgado de Verín polo falecemento de Fátima Machado (cuxa parella está imputada) e no xulgado de Marín pola morte de Isabel Pérez Fraga.

Así mesmo, acaban de iniciarse os trámites no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro para exercer a acción popular pola morte de María José Suárez (o seu marido está imputado polo seu presunto asasinato ocorrido hai unhas semanas en Cervo).

O vicepresidente Alfonso Rueda elevou hoxe un informe ao Consello da Xunta para dar conta deste procedemento. Trátase da primeira vez que o Executivo galego exerce a acción popular, despois de que o pasado mes de xullo acordase comparecer en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero.

Con esta iniciativa, a Xunta deu un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

Unha prioridade do Goberno galego

A Xunta aprobou a principios deste ano o VI Plan galego de igualdade entre homes e mulleres, cun orzamento de máis de 220 millóns de euros, e que prevé máis de 300 actuacións nas cales a prioridade é a loita contra a violencia de xénero.

Ademais, tal e como xa se ten manifestado en varias ocasións, está a piques de entrar en funcionamento o Centro de Recuperación Integral para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (CRI) e o Observatorio Galego para a Violencia de Xénero.

O CRI será un centro de referencia e innovador, que ofrecerá un modelo de atención integral ás vítimas de violencia de xénero desde o inicio do proceso ata a súa completa recuperación. Así, aplicará terapias e labores de asesoramento ás vítimas, actuará como

centro formador de profesionais e voluntarios na loita contra a violencia de xénero e será o punto de coordinación das ordes de protección de Galicia.

Pola súa banda, o Observatorio Galego para a Violencia de Xénero será un órgano de recollida, análise e difusión de información relativa a este tipo de violencia e será clave para o deseño de estratexias de loita contra ela. Nas accións concretas que deseñará para a prevención e erradicación desta lacra social prestará especial atención ao ámbito educativo.



A XUNTA MELLORARÁ A TECNOLOXÍA DOS AUTOBUSES DE TRANSPORTE PÚBLICO PARA MODERNIZAR A XESTIÓN DA FROTA E O SERVIZO QUE SE PRESTA AOS VIAXEIROS

- ***A Consellería de Medio Ambiente e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) informaron no Consello sobre o proceso de desenvolvemento tecnolóxico dos servizos de transporte de viaxeiros***
- ***Un dos obxectivos sinalados no informe é potenciar a demanda de transporte público de viaxeiros, mellorando a prestación ao facilitar información de calidade, basicamente a través de novas ferramentas web***
- ***Coa implantación do Sistema de axuda á explotación (SAE) as empresas transmitirán en tempo real ao Centro Operativo da Mobilidade de Galicia a localización de cada vehículo e a exactitude no cumprimento dos servizos***
- ***O transporte público regular de persoas por estrada en Galicia dá servizo anualmente a 25 millóns de usuarios a través de máis de 1.000 autobuses***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) sobre o proceso de desenvolvemento tecnolóxico dos servizos de transporte de viaxeiros.

Cómpre sinalar que, en desenvolvemento das previsións da Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, a Dirección Xeral de Mobilidade aprobou o Plan de modernización das concesións de transporte público regular de uso xeral, que deben asumir as empresas concesionarias dos servizos. O sector do transporte público regular de persoas por estrada en Galicia dá servizo anualmente a 25 millóns de usuarios a través de máis de 1000 autobuses.

Entre as actuacións programadas neste plan figura a posta en funcionamento dun Sistema de axuda á explotación -SAE- no conxunto dos vehículos que prestan estes servizos de transporte.

A implantación dun SAE no sistema de transporte público regular permitirá:

- Mellorar a xestión e o control da frota adscrita ao servizo, garantindo a verificación do cumprimento das obrigas dos contratos de xestión dos servizos públicos de transporte regular.
- Potenciar a demanda de transporte público de viaxeiros, mellorando a súa prestación ao facilitar información de calidade ao servizo da cidadanía, basicamente a través de novas ferramentas web.
- Fomentar a modernización tecnolóxica do sector de transporte público de viaxeiros e o seu adecuado posicionamento no ámbito comparado, nunha



situación de profunda evolución como a actual e na cal se prevé unha progresiva apertura deste mercado.

- Posibilitar a implantación de novas modalidades de mobilidade, como o transporte á demanda e a integración de distintos servizos de transporte.

A Dirección Xeral de Mobilidade e a Amtega procederán a establecer os requisitos técnicos e funcionais dos Sistemas de axuda á explotación dos cales deberán dotarse as empresas para a súa homologación no sistema integrado de Galicia. Entre esta información, deberá transmitirse en tempo real ao Centro Operativo da Mobilidade de Galicia a información sobre a localización de cada vehículo e a exactitude no cumprimento dos servizos de transporte, sobre a demanda de usuarios que se estea a producir e, en xeral, deberá informarse sobre calquera incidencia no servizo.

En canto ao compoñente tecnolóxico, cómpre facer unha especial referencia á innovadora implantación dun sistema desta índole no conxunto do territorio dunha comunidade autónoma do tamaño, a orografía e a dispersión poboacional de Galicia, elementos todos eles que dificultan a operativa deste tipo de sistemas, que ata agora foran implantados basicamente no transporte urbano.

O conxunto do investimento necesario para dotar os vehículos cos novos sistemas tecnolóxicos, así como os da súa conexión permanente co Centro Operativo da Mobilidade de Galicia, será asumido directamente polas propias empresas de transporte. Pola súa parte, a Dirección Xeral de Mobilidade e a Amtega acometerán a contratación dos equipamentos necesarios para a dotación deste centro operativo, así como os recursos necesarios para o seu funcionamento.



A XUNTA DESTACA AS NOVAS OPORTUNIDADES DE NEGOCIO DO NAVAL GALEGO TRAS A ADXUDICACIÓN DOS FLOTEIS DE PEMEX E O NOVO TAX LEASE

- ***A formalización dos compromisos coa petroleira mexicana, os floteis e os 5 buques que construírá Barreras, supoñen un investimento total de 600 millóns de euros***
- ***A adxudicación dos dous floteis garante 24 meses de carga de traballo e a consecución de emprego para 1.000 persoas***
- ***Os éxitos acadados reflicten a confianza internacional nas capacidades do naval galego e abren as portas á consecución de novos contratos co obxectivo de que a industria poida recuperar o liderado en España***
- ***O novo tax lease, acadado desde a unidade acción de administracións públicas, estaleiros e sindicatos, xa está a ofrecer as ferramentas financeiras e as garantías necesarias para a formalización de novos contratos***
- ***O Goberno galego aposta pola internacionalización, a innovación, a formación e o financiamento como eixes para impulsar o labor comercial dos estaleiros galegos***

A Xunta de Galicia quere salientar as novas oportunidades de negocio que se abren para o sector naval e para a economía galega grazas á consecución, nos dous últimos meses, de contratos por valor de 600 millóns de euros. A formalización destes compromisos permite dotar de carga de traballo os estaleiros galegos, reactivando un sector fundamental para Galicia que conta con máis de 300 empresas e suma o 5% do PIB da Comunidade.

Neste sentido, o informe que coñeceu hoxe o Consello da Xunta resalta os éxitos obtidos ata o de agora grazas á unidade de acción de estaleiros e Administración pública, entre os cales destacan os resultados do acordo estratéxico con Pemex e a consecución dun novo tax lease que outorga as ferramentas necesarias para a obtención de novos contratos. Uns éxitos sobre os cales o Goberno galego seguirá a traballar, en colaboración co sector, para recuperar o liderado.

Os primeiros pasos do acordo con Pemex permitiron a entrada da petroleira mexicana no estaleiro vigués de Barreras, formalizando compromisos por valor de 300 millóns de euros de cara á construción de 5 buques. Unha cifra que se reforza coa adxudicación de dous floteis para o propio estaleiro vigués e para o estaleiro público de Navantia, en Ferrol. Este encargo implica un investimento doutros 300 millóns de euros, 150 millóns en cada estaleiro, garantindo máis de 24 meses de carga de traballo e un impacto directo no emprego tanto dos estaleiros, coa creación de máis de 1.000 postos de traballo, como da industria auxiliar de Vigo e Ferrol.

Así mesmo, a aposta da cuarta petroleira do mundo por Galicia reflicte un claro recoñecemento das capacidades técnicas e tecnolóxicas así como do bo facer do naval



galego, ao tempo que abre as portas a futuros contratos que permitan recuperar o liderado desta industria e contribúan ao impulso do crecemento económico da Comunidade.

Neste contexto, cabe resaltar a consecución dun novo sistema de tax lease que ofrece as ferramentas financeiras e as garantías necesarias para obter novos contratos. Este novo tax lease, acadado desde a unidade de acción entre estaleiros, sindicatos e Administración pública, configúrase como o único de Europa apoiado pola Comisión Europea en todos os seus pasos, e clarifica as dúbidas dos estaleiros permitíndolles centrar os seus esforzos na consecución de contratos. De feito, xa se están iniciando as negociacións de contratos de estaleiros galegos a través do novo sistema.

Todos estes logros conxuntos supoñen un éxito do sector naval, contribuíndo á súa reactivación e amosando a confianza internacional nas súas capacidades. Neste sentido, a Xunta de Galicia seguirá apoiando a industria naval, tal e como fixo ata o de agora, promovendo accións que lle permitan acadar a competitividade necesaria para acceder a novas licitacións internacionais. Un apoio que se centra en catro eixos fundamentais - internacionalización, innovación, formación e financiamento- e que permite impulsar o labor comercial dos estaleiros galegos, que contan coas ferramentas necesarias para seguir acadando éxitos.



GALICIA MANTIVO NO ANO 2013 O NÚMERO DE DOAZÓNS DE SANGUE CON MÁIS DE 114.000

- ***A taxa de doazón é de 41,26 por 1.000 habitantes, dentro do rango de doazóns recomendado pola OMS e por riba de media nacional***
- ***O 82,9% das doazóns efectuáronse nas unidades móbiles do CTG***
- ***Os hospitais do Sergas precisan cada día 500 doazóns de sangue***
- ***Os grupos sanguíneos con maior demanda foron o A+ (cun 40,6%) e o O+ (cun 35%)***

Galicia mantivo durante o ano 2013 o número de doazóns de sangue cun total de 114.126. Estes datos, similares aos do ano anterior (114.759), sitúan a Comunidade Autónoma dentro do rango de doazóns recomendadas pola Organización Mundial da Saúde (OMS) e por riba da media nacional do Estado.

Así, mantense a taxa de doazón de 41,26 por 1.000 habitantes malia o progresivo envellecemento da poboación galega que dificulta o incremento das doazóns. Isto demostra a xenerosidade dos galegos e a boa xestión dos doadores que se fai desde o Centro de Transfusión de Galicia (CTG).

O 82,9% destas doazóns efectuáronse nas unidades móbiles do CTG, mentres que o 17,1% restante se realizaron nos puntos fixos situados nas sete grandes cidades de Galicia, fundamentalmente no contorno hospitalario.

Doutra banda, as necesidades de compoñentes sanguíneos cifráronse en 108.057 unidades, dos cales o 91,6% foron subministrados aos centros hospitalarios do Sistema público de saúde de Galicia.

Neste senso, os centros que tiveron maiores requirimentos foron o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, cun 21,95%; o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, cun 17,76%; e o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, cun 13,62%.

No ano 2013 produciuse unha significativa diminución na porcentaxe de subministros urxentes aos distintos centros, pasando dun 18,2% en 2012 a un 11,8% en 2013. Ademais, os grupos sanguíneos con maior demanda foron o A+ (cun 40,6%) e o O+ (cun 35%).

O labor que o Centro de Transfusión de Galicia realiza na captación de doadores dun xeito accesible e sinxelo, no procesamento dos hemoderivados, e na subministración de compoñentes sanguíneos aos distintos centros hospitalarios galegos garante a



subministración efectiva destes alí e onde sexan necesarios, e tamén que se fai con todas as garantías de seguridade e de rapidez esixibles.

Deste labor, que é posible grazas á imprescindible colaboración e doazón altruísta dos galegos, beneficianse ano a ano un gran número de pacientes, ben sexa por teren sido sometidos a intervencións cirúrxicas complexas -politraumatizados, transplantados, etc.- ou como soporte a tratamentos médicos que esixen de soporte hemoterápico complementario.

Os hospitais do Servizo Galego de Saúde precisan cada día 500 doazóns de sangue para poder levar a cabo unha media diaria de 550 intervencións cirúrxicas e tres transplantes de órganos e tecidos, e atender unhas 3.000 urxencias.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARTICIPA NO PROXECTO EUROPEO CHRODIS, QUE TEN POR OBXECTIVO PROMOVER O INTERCAMBIO DE BOAS PRÁCTICAS NO MANEXO DE PACIENTES CRÓNICOS

- *Esta iniciativa prevé accións específicas en promoción da saúde e prevención da enfermidade, pluripatoloxía e en diabetes mellitus*
- *Galicia participará como representante do Estado no grupo de traballo de diabetes mellitus*
- *O traballo terá unha duración de 39 meses e estará coordinado para toda Europa desde o Instituto de Saúde Carlos III*

Os días 29 e 30 deste mes ten lugar en Madrid a reunión de lanzamento do Proxecto Chrodis (Chronic Diseases and Promoting Healthy Ageing across the life cycle), que ten por obxectivo promover e facilitar o proceso de intercambio de boas prácticas no manexo de pacientes crónicos entre países e rexións europeas, con accións específicas en promoción da saúde e prevención da enfermidade, pluripatoloxía e en diabetes mellitus.

Trátase dunha acción conxunta na cal o Sergas e outras 36 institucións pertencentes a 16 países da Unión Europea colaborarán de xeito coordinado. Cómpre sinalar que a duración do proxecto é de 39 meses e está coordinado para toda Europa desde o Instituto de Saúde Carlos III. Por parte española participarán Galicia, Euskadi, Andalucía, Aragón e Murcia, ademais do Ministerio de Sanidade.

O proxecto está cofinanciado por parte da Comisión Europea nunha cantidade de 4,6 millóns de euros, e está pendente a distribución entre os membros.

Galicia no grupo de traballo de diabetes mellitus

A nosa comunidade autónoma participará como representante español no grupo de traballo en diabetes mellitus, patoloxía que constitúe unha das prioridades sanitarias para a Consellería de Sanidade e para o Sergas, que achegarán as súas experiencias no manexo desta enfermidade en sentido amplo, tanto desde o punto de vista da prevención primaria e secundaria, da asistencia sanitaria, do manexo farmacoterapéutico, da colaboración coas asociacións de pacientes, como do fomento do autocoidado dos enfermos mediante a Escola galega de saúde para cidadáns.

Paralelamente, o Servizo Galego de Saúde poderá acceder ás boas prácticas empregadas no resto de países participantes, para poder así incorporalas á súa práctica habitual. Ademais, a historia clínica electrónica e a receita electrónica contan cunha valoración moi positiva dos profesionais europeos como ferramentas imprescindibles para realizar un manexo axeitado das patoloxías crónicas. En consecuencia, serán elementos nos que Galicia pode achegar a súa dilatada experiencia.



A participación do Sergas, e por tanto de Galicia neste novo proxecto cooperativo europeo, pon de manifesto a elevada consideración con que a nosa comunidade autónoma conta entre os distintos sistemas públicos de saúde dos países e rexións europeas, polo seu alto grao de integración de servizos, o seu potencial innovador, a súa capacidade resolutiva e a súa efectividade clínica, como reflicten os diferentes indicadores de calidade.

Proxectos como este permiten á sanidade galega establecer contactos con outros países e rexións europeas cuxos sistemas de saúde afrontan retos semellantes aos que afronta Galicia, e que no ámbito sanitario teñen o denominador común da cronicidade.



O ISSGA IMPULSARÁ A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN 2014 CUN TOTAL DE 65 ACTUACIÓNS APROBADAS POR PATRONAL E SINDICATOS

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para este ano*
- *Este exercicio pecha a programación da Estratexia en prevención de riscos laborais 2011-2014, que foi acordada no seo do diálogo social*
- *As actuacións, distribuídas en 6 eixes, están deseñadas cun carácter integral nun dobre sentido: abarcar todas as disciplinas e ter como destinatario todo o tecido empresarial galego*
- *No plan inclúense iniciativas novas como a elaboración dun estudo ergonómico no sector das conservas de peixe ou o impulso á redución dos riscos psicosociais no traballo*

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) continuará impulsando a prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma a través do seu Plan de actividades para 2014, que conta cun total de 65 actuacións e que foi aprobado por unanimidade polos sindicatos e a patronal na Comisión de Goberno deste organismo.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa. Este exercicio pecha así a programación da Estratexia en prevención de riscos laborais 2011-2014, un documento que foi acordado no seo do diálogo social.

As actividades previstas para 2014 teñen unha clara vocación integral nun dobre sentido: abarcar a totalidade das disciplinas preventivas (seguridade, hixiene, ergonomía e psicoloxía, e medicina no traballo) e chegar a todo o tecido empresarial galego.

O plan está elaborado ao redor de seis eixes: procesos de mellora no desenvolvemento de actuacións de carácter interno; observatorio galego de condicións de traballo; investigación da sinistralidade; accións de colaboración e asesoramento técnico; programas sectoriais de redución da sinistralidade; e accións de formación, difusión e sensibilización.

Os obxectivos xerais deste documento son promover un eficaz cumprimento da normativa; incrementar a calidade e eficacia dos sistemas de prevención das empresas; implicar todos os actores na seguridade no traballo; potenciar a formación e a cultura da prevención na sociedade galega; e, xa por último, mellorar a investigación en materia de seguridade e saúde laboral.

Novas actuacións

No plan de actividades inclúense dous tipos de actuacións: as anuais, que manteñen a continuidade con anos anteriores, ben polo seu carácter plurianual ou ben por seren



funcións esenciais do ISSGA; e as anuais, que definen novos proxectos para dar resposta ás necesidades e demandas detectadas nun momento determinado.

Neste último grupo de iniciativas de carácter anual inclúense as actuacións novas que se prevén para 2014, que son as seguintes: a publicación de fichas de investigación de accidentes laborais e de enfermidades profesionais; o desenvolvemento dunha avaliación de riscos tipo para buques de pesca de baixura; un estudo ergonómico no sector das conservas de peixe; a redución dos riscos psicosociais; a promoción da saúde no lugar de traballo; a elaboración de materiais didácticos de prevención para o sector primario e os autónomos; e o asesoramento no manexo de maquinaria agrícola.

Ademais, darase continuidade a distintas liñas postas en marcha con anterioridade e que están tendo unha repercusión importante, como o impulso da colaboración coa autoridade sanitaria na investigación de enfermidades e vixilancia epidemiolóxica; o mapa de riscos ergonómicos de Galicia; e a formación en prevención de riscos a todos os tramos de idade escolar, así como aos traballadores e empresarios e aos técnicos de prevención de riscos laborais.

Neste eido, destacan tamén as accións formativas que chegarán este ano a preto de 8.000 persoas. Estas formacións desenvolveranse a través da Escola galega de prevención de riscos laborais; do desenvolvemento de xornadas técnicas; dos cursos básicos presenciais ou en liña; ou doutras actuacións formativas específicas para o sector primario.

